



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ria de Camariñas. Municipio: Camariñas. Parroquias: San Xurxo de Camariñas. Extensión: 3,92km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade situada nunha ampla chaira costeira ascendente cara ao norte, na que se establece a poboación de Camariñas. Esta planicie de pendentes suaves e escasa altitude, orientada cara ao noroeste da Ría de Camariñas, ábrese ao mar a través dun tridente granítico de dirección NO.-SE, coincidente coas puntas do Castelo, de Insua e da Basa, respectivamente de oeste a leste. Entre elas localízanse áreas baixas depositarias, a do porto de Camariñas e Area da Vila, nas que se desenvolveron sistemas intermareais.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade componse dun granitoide migmático hercínico. Só a esquina noreste modélase nunha granodiorita biotítica tardihercínica. O Cuaternario aparece representado polos sedimentos aluviais da depresión ovada na que se asenta a vila de Camariñas e polos depósitos antigos de orixe mariña que aparecen na fronte costeira existente entre Area da Vila e praia de Lingude.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido. Rexístranse entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano. As suaves temperaturas acadan valores medios por riba de 15°C e a oscilación térmica media sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

A maior parte da unidade está composta por solos do tipo cambisol dístico asociados a un val principal en xeral de escasa pendente. Na franxa costeira localízanse os antrosos en torno ao núcleo urbano de Camariñas. Os tramos de cabeceira están formados por regosois e os solos esqueléticos máis pobres, onde aflora o substrato granítico, quedan relegados principalmente ao Monte das Seixas no extremo noreste da unidade.


AS AUGAS

O arroio que desemboca na praia de Area da Vila, ao este do núcleo de Camariñas, hexemoniza a rede fluvial da unidade, que verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Camariñas (20136).

O PATRIMONIO NATURAL

Incluída na área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. É unha costa mixta, con tramos de cantil baixo e sectores de praia. Praias, plataformas mareais e chairas areosas e lamacentas (Area da Vila) permiten que ao hábitat 1230 de cantis mariños atlánticos acompañe ao 1210 de refugallo mariños acumulados. O medio continental encóntrase moi transformado. Existe algúns pequenos grupos de frondosas de colonización ao noroeste da vila de Camariñas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Unidade altamente construída, na que os usos residenciais e outros usos complementarios ao núcleo de Camariñas ocupan boa parte da superficie total. A zona periférica, sobre todo cara ao oeste, combina usos residenciais e usos agrarios. Destacar os usos industriais no porto e en determinados puntos do núcleo. Existe actividade marisqueira na Praia de Area da Vila, ao este da unidade. As zonas centrais do ámbito, no interior da valga que forma o conxunto, dedícanse a labores agrícolas cunha notable continuidade, só interrompidas por pequenas masas forestais e algunhas áreas ocupadas por usos residenciais. Rodeando estas zonas agrícolas, un cinto de bosques de piñeiro e eucalipto de repoboación para aproveitamento forestal sobe ata os límites da unidade, en suave pendente polo norte e con maior pendente cara ao este (Monte das Seixas) e o suroeste (Monte da Atalaia). As partes máis altas do Monte das Seixas están cubertas por vexetación de mato, sen un aproveitamento produtivo por parte do home.

MORFOLOXÍA

O asentamento tradicional de Camariñas está considerado Núcleo de Identidade Litoral, pois a súa localización estratéxica no bordo costeiro confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. Camariñas o asentamento máis importante (co de Muxía) da Ría que leva o seu nome, ten a súa orixe arredor da enseada que forman a Punta do Castelo (en cuxa ladeira este se asentaba o primeiro porto) e a Punta Insua. O primeiro casarío caracterízase pola súa compacidade, formado por varias rúas paralelas que desembocaban na praia ao oeste de Punta Insua, mentres que outra agrupación de estrutura lineal acompañaba o porto orixinal e pechaba a enseada. O crecemento posterior mantivo a densidade edificatoria, aínda que últimas actuacións contemporáneas presentan agrupacións máis dispersas ocupando terreos que antes se tiñan que reservar para labores agrarios, apoiándose moitas veces nas trazas que marcan as vías de comunicación existentes. O resto de núcleos que encontramos na unidade, que orixinariamente funcionaban como asentamentos independentes vinculados ás súas propias terras de cultivo, funcionan hoxe como unha periferia de Camariñas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrutura viaria desta unidade ten o seu centro en Camariñas, que concentra as tensións e articula o territorio circundante. A estrada AC-432 sae do núcleo cara ao este en dirección Ponte do Porto, percorrendo a parte oriental desta unidade pola costa para, a partir da Praia de Area da Vila, desviarse lixeiramente ao interior. Cara ao noroeste parte de Camariñas a estrada que leva ao cabo Vilano, a outra vía importante que articula o territorio desta zona. Os camiños tradicionais que organizaban as terras de cultivo desapareceron ao realizar a concentración parcelaria, que introduciu unha nova estrutura viaria de vías rectas tendentes á cuadrícula.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O topónimo de Camariñas deriva dun arbusto autóctono chamado "caramiña" (córea álbum) ou "herba da fame". Dentro do patrimonio arqueolóxico cabe indicar ao Castro de Mourín, sobre o que se relata unha lenda: o castro agocha unhas covas secretas que agochaban un gran tesouro gardado por un "moro"; un home conseguiu por fin desfacerse do gardián, pero cando accedeu ás covas estas se viñeron abaixo. O núcleo aglutina numerosos bens catalogados polo seu valor patrimonial, entre os que destaca a igrexa de San Xurxo (construción barroca do s.XVII), capela do Carme con seu cruceiro e numerosas edificacións civís (casas, fontes, hórreos, o dique antigo do porto ...) representativas do patrimonio etnográfico. A presenza abundante de muíños de auga no río Area da Vila reflexa o uso que antigamente se lle daba ós cursos fluviais para moer cereais. Por outra parte, como mostra do patrimonio militar figura a batería de Soberano, integrante do conxunto de Bens de interese cultural.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta paisaxe caracterízase pola presenza do núcleo de Camariñas, un dos asentamentos de referencia de toda a Costa da Morte. De orixe vinculada a un porto pesqueiro ao resguardo dunha enseada na boca da ría, o posterior crecemento e o aumento da súa influencia na zona ten a súa tradución directa na estrutura desta unidade paisaxística onde se sitúa. Así, os asentamentos menores que antes funcionaban como núcleos agrarios relacionados coas súas propias agras están sendo agora atraídos pola tensión urbanística que xera Camariñas, acollendo funcións de periferia que dan lugar a distintas morfologías urbanas. Os labores agrícolas, tras un proceso de concentración parcelaria destinado a revitalizaras, conservan na actualidade unha notable importancia no conxunto do ámbito. O resto da superficie dedícase á explotación forestal mediante un cinto de plantacións de piñeiro e eucalipto que rodea a área de cultivo.

DINÁMICA DA PAISAXE

Territorio moi dinámico debido á alta actividade antrópica que soporta, coas súas evolucións e modificacións nos patróns de asentamento e uso do solo. O desenvolvemento do núcleo de Camariñas condiciona fortemente a evolución de toda a unidade, xa que a súa influencia se estende máis alá dos seus límites físicos. Os procesos de concentración parcelaria de mediados do século pasado modificaron por completo a estrutura do solo, tanto no tocante ao parcelario como ás vías de comunicación, o que influíu así mesmo nas conexións entre os diferentes asentamentos. A posterior redución da importancia da agricultura na sociedade supuxo un abandono xeneralizado de terras cultivadas para acoller novos usos, a maioría das veces forestais. No caso da área dedicada ao uso forestal, porén, é pouca a superficie que se abandona, e moita dela dedícase a usos residenciais para asumir o crecemento de Camariñas.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Unidade diversa e complexa, que alberga na súa fachada litoral portos e praias que deixan atrás o Núcleo de Identidade Litoral de Camariñas. Tras el, o val agrícola alberga varios núcleos tradicionais e os montes das Seixas, As Canteiras e el Alto da Vela encerran a unidade. Trátase dunha paisaxe urbana que sempre estivo moi traballada e que acolle, ademais, o que hoxe se converteu nun dos núcleos de poboación máis importantes da Costa da Morte. De morfología relativamente doada de identificar pola súa característica forma en ferradura arredor do núcleo central, a sucesión progresiva de construído - terras de cultivo - repoboación forestal permítenos ver aquí o exemplo do que acontece en tantos outros puntos. As alteracións que sufriu debido á onda de incendios de 2006 deixaron especialmente afectada a parte oriental, sobre todo as partes máis altas de Monte das Seixas. As conexións que se realizan desde esta unidade coa ría, e especialmente coa desembocadura do río Grande, son máis doadas de percibir desde Punta Insua e a zona do porto. Cara ao interior da propia paisaxe, as perspectivas lonxitudinais seguindo a valga cara ao norte serven para pór en relación as terras da costa coas máis interior. Sempre o Cabo Vilano, na distancia, a xeito de referencia externa afastada.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos na contorna da praia de Area da Vila, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares e usos na fronte costeira desvinculados dos núcleos tradicionais e sen funcións urbanas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral e exerza unha presión urbana sobre o sistema duna-praia.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior

Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral

Praia / Playa

Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve

Toponimia de costa / Toponimia de costa




Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico

Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m










Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



